

O CONSELLO CONFEDERAL DE UGT REÚNESE PARA PREPARAR AS ELECCIÓNS SINDICAIS

UGT lanza “Ganas”, a nova campaña de eleccións sindicais e afiliación



Redacción.- O Consello Confederal da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reuniuse estes 18 e 19 de outubro en Linyüerre de Cinca (Huesca) co obxectivo de analizar diversos temas importantes para o sindicato nos próximos meses, como a nova campaña de eleccións sindicais e afiliación ou o proceso de mobilizacións para mellorar os salarios.

Neste sentido, a campaña “Ganas” foi unha das cuestións centrais desta reunión. Con ela, preténdese animar aos traballadores e traballadoras deste país para afiliarse a UGT e participar nas eleccións sindicais das súas empresas.

Esta campaña, que comeza agora e alonxarase ata xuño de 2023, consta de diferentes accións que se irán lanzando nas próximas semanas e, para ela, contouse coa cara e a voz da cantante catalá de rap, de orixe magrebí, Miss Raisa, mediante un videoclip onde alza a voz a favor da loita das traballadoras e traballadores.

Outra das cuestións centrais foron os salarios da clase traballadora, que está a soportar o prezo desta crise porque a patronal négase a negociar cos sindicatos maioritarios o novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC).

UGT foi máis que razoable coa patronal, pero esta négase a aceptar cláusulas de revisión salarial. Por iso, baixo o lema “Salario ou Conflito”, o sindicato sairá á rúa o próximo día 3 de novembro para reclamar xustiza salarial, despois de que o pasado 7 de outubro a cidadanía se concentrase fronte a todas as sedes das organizacións empresariais do país. Desde UGT temos claro que a subida salarial é clave para que as familias non perdan poder adquisitivo.

Un sindicato máis aberto e participativo

Un dos mandatos do último Congreso Confederal é o de impulsar áreas participativas do sindicato. En concreto tres: a área de Acción Climática e Transición Xusta, a área de Muller e a área UGT Di-

COAS TÚAS

GANAS

GAÑAMOS
TODAS E TODOS.



Sabes o que é gañar e tamén o que é perder. Levas tempo abondo como para recoñecer un contrato fixo, a precariedade, ou a falta de dereitos laborais. Sabes o que é ter ou non ter vacacións pagas, horas extras remuneradas, alguén que te defenda... E sabes que non podemos dar un paso atrás. Non nos podemos relaxar. Non o podemos dar todo por feito. Hai que seguir loitando, seguir crecendo, seguir gañando.

PRESENTATE ÁS
ELECCIÓNS
SINDICAIS DA
TUA EMPRESA.

UGT 

#SOMOSUGT
#CONUGTGANAS



versa-LGTBI. Desta forma, durante o Consello Confederal destes días, o sindicato debateu as formas de levalas a cabo e como estas darán soporte aos organismos do sindicato nestes temas e, sobre todo, achegarannos ás preocupacións actuais da sociedade e a xente.

MANIFESTACIÓN 3N MADRID #SALARIOOCONFLITO

O 3 de novembro farase fronte á irresponsabilidade da patronal

Redacción.- O día 3 de novembro UGT, xunto con CCOO, convocan unha gran manifestación en Madrid co obxectivo de facer fronte á irresponsabilidade de CEOE e que a crise non a volva a pagar a clase traballadora. A negativa da patronal para negociar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) non ten xustificación e raia a falta de ética moral.

Fomos máis que razoables coa patronal, que se nega a subir os salarios e adoptar as cláusulas de revisión salarial. Estaría xustificado en moitas empresas o aumento do 10% dos salarios, xa que moitas tiveron cuantiosos beneficios. Pero noutras, pódese optar por un aumento salarial do 4,5% ligado ás cláusulas de revisión, de maneira que se poida manter o poder adquisitivo das familias, pero a patronal négase.

Son cada vez máis o número de empresas que apelan porque haxa un novo AENC. Desgraciadamente, a patronal está máis interesada en mirarse o embigo, en cuestións internas e, como consecuencia, ten paralizada a negociación.

E é que os datos nos dan a razón. Hai persoas que ven imposible subir os salarios porque din que lasraría a competitividade das empresas. Pois ben, segundo Eurostat, os custos laborais no noso país son dos máis baixos de Europa, co que as empresas españolas teñen unha enorme vantaxe competitiva.

Desta forma, en España, os custos son 10 euros por hora máis baratos que a media da zona euro, 14 euros menos que Francia e Alemaña...en sete anos, o custo laboral creceu por hora en España 0,1 euro de media anual, un dos aumentos máis

baixos da eurozona, onde o crecemento foi catro veces superior, en Alemaña seis veces máis e en Francia tres veces máis. Os voceiros da dereita que só queren consolidar os beneficios empresariais deberían tomar nota desta realidade.

Por todo isto, porque os traballadores e traballadoras deste país non poden ser de novo os pagáns desta crise, #SalarioOConflito. UGT-Galicia fai un chamamento a delegados e delegadas, así como, afiliados e afiliadas, á participación na manifestación de Madrid. Todos os que estean interesados en acudir o día 3 a Madrid, poden poñerse en contacto coa unión comarcal de



UGT na súa zona ou coa federación que os represente.

| DIRÍXETE Á TÚA UNIÓN COMARCAL | | OU Á TÚA FEDERACIÓN | |
|----------------------------------|---------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|
| Coruña-Cee 981241122/ 301 | Lugo-Lemos-Costa lucense 982231325 | Pontevedra-Arousa-Deza 986858451 | FICA 981 58 97 43 |
| Ferrol 981350023 | Ourense-Valdeorras-Verin 988226135 | Vigo 986443428 | Servizos Públicos 981 57 27 44 |
| Compostela-Barbanza 981590941 | | | FeSMC 981 55 46 36 |

UGT

XORNADA TÉCNICA SOBRE VIXIANCIA DA SAÚDE ORGANIZADA POR UGT COMPOSTELA

Redacción.- UGT Compostela Barbanza organizou este xoves na sede de Santiago unha "Xornada técnica sobre vixiancia da saúde dos traballadores e traballadoras: características e implicacións legais".

Esta foi desenvolvida por Pedro Blanco, responsable dos servizos xurídicos de UGT-Galicia.



DEPOIS DE 16 DÍAS, QUEDA DESCONVOCADA A FOLGA DO SIDEROMETAL DE OURENSE TRAS UN ACORDO ENTRE PATRONAL E SINDICATOS QUE FOI REFERENDADO POR AMPLA MAIORÍA EN ASEMBLEA DE TRABALLADORES

Redacción.- O pasado martes, despois dunha xornada maratoniana de negociacións, contra a 1 da madrugada sindicatos e patronal conseguiron chegar a un preacordo de convenio colectivo para o sector do siderometal da provincia de Ourense.

Ese mesmo día, o 18, os traballadores referendaron por ampla maioría o texto proposto, o que supuxo poñer fin a 16 días de folga e moitos meses de negociacións.

O acordo vai supoñer unha suba do 5% para o 2022, con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro; do 5,5% para o 2023; e do 4,5% para o 2024.

Ademais, establécese que se o IPC ao termo da vixencia do conve-



nio supera o 15% actualizaranse as táboas, cun tope do 18%.

A maiores redúcese a xornada laboral nun día e fíxanse dous días de libre disposición, un para o 2023 e outro para o 2024.

Dende UGT FICA Ourense valoran un acordo que é froito de cesións por ambas partes pero que achega melloras para os traballadores do sector e tranquilidade para seguir traballando durante os vindeiros anos.

A FOLGA DOS TRABALLADORES DA EMPRESA DE LIMPEZA UB EN STELLANTIS-VIGO CONTINÚA CON NOVAS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- Os traballadores da empresa UB, encargada de limpar os embalaxes baleiros en Stellantis-Vigo, están en folga indefinida despois de nove meses de reunións e de mobilizacións para denunciar que a empresa que os subrogou intentara, xa dende o comezo, aplicarlle un novo convenio colectivo que empeora as súas condicións laborais. As empresas que ao longo de máis de 30 anos asumiron estas funcións na factoría viguesa aplicaron sempre o convenio provincial de limpeza de Pontevedra e agora esta nova firma pretende modificar á baixa as súas condicións de traballo, algo que dende FeSMC se denuncia e non se vai consentir.

Ademais da folga, os traballadores abriron un calendario de mobilizacións e este sábado manifestáronse polas rúas da cidade olívica.



A LOMLOE, A DEBATE

Redacción.- O pasado 11 de outubro a Fundación Luís Tilve, en colaboración con Escola Viva e coa asociación Manuel Ferreiro de Lalín, organizou, nesta localidade, unha charla sobre os avances da nova Lei educativa, LOMLOE, e a evolución do sistema público de ensinanza dende o franquismo ata hoxe, coa intención de aclarar o verdadeiro sentido da nova lei e da súa aplicación.

A conferencia correu a cargo do deputado Guillermo Meijón, quen analizou a situación actual do ensino en España e o proceso que foi configurando un sistema que actualmente se atopa nunhas condi-

cións homologables ós parámetros europeos. Despois de Corea, España é o país con maior evolución en resultados educativos, sendo dos primeiros en taxas de fillos de traballadores manuais na universidade, por riba de Finlandia, cuns altos niveis de igualdade de oportunidades e de equidade que se sustenta nas bases pedagóxicas da Institución Libre de Enseñanza e na LOGSE e posteriores modificacións legislativas socialistas. Tamén apuntou que a nova Lei está dotada cunha forte inversión económica, que ten como obxectivo acadar o 5% do PIB nos próximos exercicios.

En canto ós ensinantes, Meijón mani-

festou que a Lei abre a posibilidade de abordar distintas problemáticas, como o recoñecemento dos profesores técnicos de FP ou poñer coto a inestabilidade laboral.

A charla foi presentada polo vicepresidente da asociación anfitriona e exdelegado provincial da Consellería de Educación, Cristóbal Fernández, mentres que o posterior debate foi moderado polo secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, que mostrou a súa preocupación polo feito de que a Consellería de Educación se dedique a sortear a Lei e os pactos do Consello Sectorial de Educación.

MÁIS CALIDADE NO EMPREGO E UN INCREMENTO DA PROTECCIÓN SOCIAL PARA LOITAR CONTRA A POBREZA



Redacción.- Con motivo do 17 de outubro, Día Mundial para a Erradicación da Pobreza, UGT reclama empregos e salarios dignos e de calidade e unha maior protección social e laboral para as persoas traballadoras. Ademais, o sindicato avoga por un modelo fiscal máis xusto e acorde ás transformacións económicas e un incremento da cooperación internacional para loitar contra esta lacra.

Máis de 700 millóns de persoas viven no mundo en situación de pobreza extrema. Destas, catro millóns e medio viven en España, onde a porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social aumentou e xa se sitúa no 27,8% segundo a enquisa de Condicións de Vida do Instituto Nacional de Estadística. Ás consecuencias da pandemia causada pola COVID-19 ou da guerra en Ucraína súmanse para os efectos de longo prazo causados polas regresivas e inxustas políticas que durante anos o liberalismo máis radical impuxo na gobernanza global. As dúas primeiras causas non poden nin deben ocultar a última, sen dúbida moito máis perniciosa.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, son moitas as reivindicacións que son primordiais para abordar esta grave problemática: aumentos salariais, protección laboral adecuada para todas e todos os traballadores, políticas de salario mínimo e aumento deste

nos países que contan con este sistema, protección social universal, diálogo social e protección e fomento da negociación colectiva.

UGT lembra que a Declaración do Centenario da Organización Internacional do Traballo (OIT), acordada entre gobernos e organizacións sindicais e patronais, recolle a necesidade de que os traballos contan cun mínimo adecuado de protección laboral e fixen o número máximo de horas de traballo, así como da existencia de salarios mínimos dignos, disposicións en materia de saúde e seguridade e garantías para conseguir a igualdade salarial e lugares de traballo libres de violencia. En coherencia, o sindicato veu traballando a diario a nivel europeo e nacional para que todas estas cuestións sexan unha realidade: reforzo da negociación colectiva e dos salarios mínimos, aumentos salariais suficientes, mecanismos de protección social e de corrección das desigualdades, políticas públicas para garantir o acceso aos bens básicos, sexan alimentos, vivendas, enerxía, transporte, cultura, etc.

Cooperación internacional e un sistema fiscal máis xusto e eficiente

Para UGT, resulta tamén fundamental unha maior cooperación internacional entre os Estados para

erradicar esta lacra mundial. Sen unha nova gobernanza económica no mundo, na Unión Europea, será imposible atallar un problema global. Neste sentido, o sindicato dá a benvida á nova Lei de Cooperación Internacional do Goberno de España, unha lei que referencia á cooperación como unha política de Estado, así como ao aumento da contía económica asignada a esta, e que se volva a recoñecer á cooperación sindical como ferramenta clave para conseguir un desenvolvemento democrático, social, político e económico no mundo.

Ademais, UGT reclama a promoción dun modelo fiscal máis xusto e acorde ás transformacións económicas actuais provocadas pola chegada da era dixital. Combater a elusión, a evasión e a fraude fiscal é posible e non debería supoñer ningún problema se hai vontade política para facelo, ampliando a cooperación fiscal internacional e levando a cabo reformas fiscais progresivas e impulsando quitas de débeda aos Estados que non poden facer fronte ás imposicións de décadas de políticas de radical austeridade. O financiamento conseguido por estas vías, unida a un impulso decidido aos programas de cooperación ao Desenvolvemento e revalorizar e humanizar aos e as traballadoras, a maioría da clase social deste planeta, garantirán que a pobreza deixe de ser unha realidade que mata, a diario, a miles de seres humanos.

O EMPREGO TECNOLÓXICO EN ESPAÑA: MÁIS PARO, PEORES SALARIOS, MASCULINIZADO E SEN FORMACIÓN

Redacción.- O paro tecnolóxico en España está en aumento. A finais de xullo a EPA mostraba que o número de parados no Sector TIC ascendeu a 31.000 persoas, 8.800 máis que a finais de 2021, describindo unha dirección contraria á do resto do mercado de traballo, que rexistrou un descenso de 184.000 desempregados. Por tanto, o suposto pleno emprego atribuído a este sector é, sinxelamente, falso. Ademais, do total de persoas en desemprego, 9.400 son mulleres, o que tamén revoga os axiomas establecidos da escaseza de mulleres nos ecosistemas tecnolóxicos.

Loxicamente, este aumento do paro vincúlase cun drástico descenso na demanda. Hai só uns días, a Enquisa trimestral de custo laboral, volvía mostrar como existen máis vacantes declaradas na industria manufacturera que no Sector TIC e cinco veces máis necesidade de funcionariado que expertos en novas tecnoloxías. De feito, aínda o número de empresas con dificultades para cubrir vacantes TIC cífrase nun baixísimo 2,53%. En consecuencia, non existe unha inmensa bolsa de emprego dixital sen cubrir.

En canto aos salarios, confírmase as evidencias que denunciámos hai escasos meses: a retribución por un mesmo posto –

por exemplo, Analista de Datos- en España é ata un 85% menor que en Alemaña e un 181% inferior á que se abona en Nova York. É máis, o salario medio dun Analista de Datos en España diminuíu ata os 26.000 euros/ano (27.000 fai só seis meses, polos 48.000 que se ofrecen en Berlín na actualidade).

Finalmente, en canto á suposta garantía de empregabilidade que achega a formación en novas tecnoloxías, Eurostat recoñecía en abril deste mesmo ano que a economía española acumulou 62.500 persoas con formación en TIC en situación de desemprego (practicamente o dobre que en 2015). Estas cifras colocan a España como líder europeo en paro tecnolóxico, chegando mesmo a acaparar o 28% do desemprego TIC de toda a UE27. E mentres todo isto está a pasar, a porcentaxe de empresas que proporcionaron actividades formativas en TIC aos seus empregados non chegou nin ao 19% en 2021.

UGT esixe a todas as partes implica-



das un exercicio de rigorosidade coa situación do mercado tech español. Presentar a situación laboral das TIC españolas como un paraíso de empregabilidade e calidade no emprego é, sinxelamente, unha falsidade. Urxe que patronais, empresas e AAPP tomen cartas no asunto, non só para afrontar con responsabilidade a realidade do noso emprego tecnolóxico, senón para cumprir coas expectativas creadas en termos salariais, de garantía de emprego e de formación continua.

UGT RECLAMA PROTOCOLOS PARA UNHA REINCORPORACIÓN LABORAL FLEXIBLE E SEGURA DAS MULLERES VÍTIMAS DE CANCRO DE MAMA

Redacción.- Con motivo do Día Mundial contra o Cancro de Mama, que se celebrou o 19 de outubro, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores mostra o seu compromiso e apoio cara ás mulleres vítimas desta enfermidade e lembra que este tipo de cancro diagnósticase principalmente entre aquelas en idade de traballar. Estímase que 1 de cada 7 mulleres teñen risco de padecer esta enfermidade ao longo da súa vida

En España diagnosticáronse preto de 34.000 novos cancros de mama no ano 2020, segundo o Sistema Europeo de información do cancro (ECIS), o que representa o 30% dos cancros diagnosticados en mulleres. Unicamente a metade das traballadoras sobreviventes ao cancro de mama reincorpóranse ao seu posto de traballo, o que pon de manifesto a necesidade de prestar atención á xestión do retorno ao traballo destas traballadoras.

Por iso, UGT reclama o impulso de pro-

colos, negociados entre empresa e representantes das persoas traballadoras, para a reincorporación destas persoas ao seu posto de traballo tras padecer cancro, dunha maneira flexible e segura, nos que se poña no centro ao traballador ou traballadora, adaptando o emprego á persoa e non ao revés. O obxectivo destes protocolos é conseguir que a reincorporación ao posto de traballo non sexa un feito traumático para as persoas traballadoras, senón máis ben ao contrario, que a volta ao traballo supoña un beneficio para a saúde ao poder volver á súa rutina anterior ao padecemento da súa enfermidade, evitando empregos que impliquen unha alta carga física ou altos niveis de estrés.

A sensibilización na contorna laboral fronte a esta necesidade de facilitar o retorno ao posto de traballo para as persoas sobreviventes ao cancro é esencial. Como revelan os datos, o sufrir un cancro de mama é, lamentablemente, un feito frecuente entre as mulleres, polo que non se



pode obviar esta realidade e débese actuar desde a prevención.

Neste sentido, UGT elaborou o díptico “Reincorporación ao traballo tras padecer cancro de mama”, no que tamén se recolle un exemplo de cláusula para incluír nos convenios colectivos a través da que se alcanza o compromiso de negociar este tipo de protocolos que, sen dúbida, beneficiarían ás persoas traballadoras que padeceron cancro á hora de volver ao seu posto de traballo.

HAI QUE AFRONTAR REFORMAS ESTRUCTURAIS PARA REDUCIR O IMPACTO DO CAMBIO CLIMÁTICO NO EMPREGO



Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, interveu nunha xornada técnica sobre “A influencia do cambio climático nas condicións de traballo. Medidas preventivas” organizada por UGT, onde subliñou que en España “xa estamos a sufrir as consecuencias do cambio climático, algo que vimos claramente este ano co aumento das temperaturas e a onda brutal de incendios forestais”.

Ana García de la Torre sinalou que “se calcula que este ano morreron máis de 4700 persoas en España por causas relacionadas coa calor, segundo o Instituto de Saúde Carlos III, desde abril a setembro, e non falamos só de golpes de calor, hai moitas patoloxías que se poden ver agravadas pola calor”.

“En canto aos accidentes laborais por calor, no mes de xullo producíronse 66 accidentes laborais causados pola exposición a calor, dos que dous foron mortais, e no mes de agosto, producíronse 41 accidentes aborales deste tipo, dos que un foi mortal” lembrou.

García de la Torre manifestou que “nos atopamos ante o gran reto de adaptar os

traballos ao clima porque ademais xeraranse novos empregos. Son moitos os traballos que se van a ver afectados pola transición ecolóxica e temos que garantir que esa transición sexa xusta, e iso inclúe traballos seguros”.

Neste sentido, afirmou, “é fundamental abordar os efectos do Cambio Climático na Seguridade e Saúde no Traballo e pararnos a analizar que efectos teñen estes cambios sobre a seguridade e saúde das persoas traballadoras para adiantalos e previr tanto accidentes de traballo como os golpes de calor ou as enfermidades asociadas a estes cambios climáticos”.

Unha transición ecolóxica que debe ser xusta

“É necesario impulsar políticas e medidas de adaptación para protexer ás persoas traballadoras destas condicións e afrontar reformas estruturais e organizativas para reducir os impactos especialmente naqueles sectores cuxo traba-

llo se desenvolve principalmente ao aire libre e/o require esforzos físicos, ou aqueles que traballan en interiores sometidos a altas temperaturas (cocinas, fornos)”.

“Doutra banda”, engadiu, “os efectos do Cambio Climático van derivar nunha transición ecolóxica que debe ser xusta e debe ter en conta a xestión da prevención de riscos laborais nos novos empregos que se cren, pero tamén naqueles postos que deban transformarse. Emprego verde non é sinónimo de emprego digno, seguro e de calidade. É importante que se coiden os aspectos psicosociais nos cambios organizativos, por exemplo, nos cambios de funcións de traballadores, etc e isto debe ser unha prioridade para o Goberno, administracións e empresas”.

URXE ESTENDER OS MECANISMOS DE PROTECCIÓN A TODAS AS VÍTIMAS DE TRATA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, quere lembrar que segundo as recentes estimacións mundiais sobre a escravitude moderna -traballo forzoso e matrimonio forzoso- da OIT, 21’3 millóns de persoas en todo o mundo son vítimas do traballo forzoso.

Esta forma da escravitude moderna, segundo a OIT afecta a todos os sectores da economía privada, sendo os servizos, a industria manufactureira, a construción, a agricultura e o traballo doméstico, os cinco sectores que en maior medida concentran o traballo forzoso de adultos.

Segundo os datos da Fiscalía Xeral do Estado, no caso de España, as dilixencias de seguimento abertas por presuntos delitos de trata laboral concéntranse no sector agrario, o coidado de persoas maiores e traballo doméstico e a construción.

O sindicato refírese ao traballo forzoso porque esta é unha das finalidades da trata de seres humanos, trata laboral, que neste momento e como reiterada-

mente lembrou a España o Consello de Europa, segue sendo unha materia pendente neste país, e neste sentido, é imprescindible a posta en marcha dun sistema de protección ás súas vítimas, así como medidas preventivas e máis recursos para a detección de vítimas e a persecución dos vitimarios.

Unha materia pendente en España

UGT sinala que o novo incremento previsto no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado da partida dedicada á atención de mulleres e nenas vítimas de trata con fins de explotación sexual que



no ano 2023 alcanzará os 7 millóns de euros é positivo, pero lamenta que sigamos sen estender os mecanismos de protección a todas as vítimas de trata con independencia do sexo e a finalidade da trata.

Por todo iso, o sindicato espera que a futura lei integral de loita contra a trata de seres humanos resolva as carencias e propicie a existencia dun sistema de protección a todas as vítimas.